

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Expediente	2022041383
Asunto	Contestación ao recurso de reposición interposto polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, contra a Resolución Presidencial nº RP2023002096 pola que se aproba a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, designación do tribunal cualificador, data da súa constitución e da realización do primeiro exercicio do proceso selectivo de Enxeñeiro/a de camiños, encadrada na escala de Administración especial, subescala técnica, clase superior e integrada no grupo A1 correspondente á convocatoria Procesos selectivos para cubrir prazas e postos vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral fixo da Deputación Pontevedra incluídas nas OEP dos anos 2019,2020, 2021 e 2022 (CL2022J)
Trámite	Resolución

O deputado delegado, en virtude das competencias delegadas da presidencia en materia de persoal, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto o informe xurídico con proposta de Resolución da xefatura de Negociado de Procesos Selectivos adscrita ao Servizo de Recursos Humanos e Formación , que textualmente di:

“ANTECEDENTES

Mediante instancia presentada o 27 de marzo de 2023 con número de rexistro WEB2023021202, o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos , con NIF Q2867009I, actuando na súa representación D. Enrique Urcola Fernández-Miranda con DNI [REDACTED] interponse recurso de reposición contra a Resolución Presidencial nº RP2023002096 pola que se aproba a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, designación do tribunal cualificador, data da súa constitución e da realización do primeiro exercicio do proceso selectivo de Enxeñeiro/a de camiños, encadrada na escala de Administración especial, subescala técnica, clase superior e integrada no grupo A1 correspondente á convocatoria Procesos selectivos para cubrir prazas e postos vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral fixo da Deputación Pontevedra incluídas nas OEP dos anos 2019,2020, 2021 e 2022 (CL2022J), publicada no BOPPO nº 56, do 21 de marzo de 2023, como órgano que ten atribuída a representación e defensa dos seus colexiados e colexiadas, así como da profesión que desempeñan para ser parte en aqueles procedementos que afecten aos intereses profesionais, e no que alega o seguinte:

- Que o presente recurso refírese á composición do Tribunal, na que figura únicamente un funcionario coa titulación de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos, cuestión que consideran que vulnera a legalidade. Os membros do tribunal deben ter un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso e debese manter, ao longo do proceso, unha maioría técnica e especializada na súa composición. A normativa local, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. (arts. 91 e 103) e o Real



Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril , polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (art. 134), remite en materia de selección de persoal á normativa básica estatal, e chama á aplicación supletoria, en defecto de normativa autonómica, do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo , pola que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Promoción Profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

- Que a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP) dispón no seu artigo 19.2: «O Goberno regulará a composición e funcionamento dos órganos de selección, garantindo a especialización dos integrantes dos órganos selectivos e a axilidade do proceso selectivo sen prexuízo da súa obxectividade. En ningún caso, e salvo as peculiaridades do persoal docente e investigador, os órganos de selección poderán estar formados maioritariamente por funcionarios pertencentes ao mesmo Corpo que se ha de seleccionar.»
- Que o artigo 19.2 LMRFP (non básico, conforme ao art. 1.3 LMRFP), foi desenvolvido polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo , polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Promoción Profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, arts. 10 e seguintes, dos que se desprende que unicamente poden formar parte dos órganos de selección -Tribunais e comisión permanentes de selección- funcionarios de carreira, velándose na súa composición polo cumprimento do principio de especialidade, debendo posuír a totalidade dos seus compoñentes un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso no Corpo ou Escala de que se trate.
As esixencias de nivel, cualificación técnica e especialización nos integrantes dos órganos cualificadores dos procesos selectivos preséntanse como mecanismo tendente a asegurar a efectividade do principio de mérito e capacidade no acceso á función pública.
- Que a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala da Contencioso Sección 7ª) de 5 marzo de 2007 (que se achega como documento nº1) sinala que a esixencia de que a maioría ou a metade máis un dos vogais do tribunal cualificador sexan "técnicos da orde ao que correspondan as prazas convocadas" debe considerarse implícita nas normas aplicables relativas ao principio de especialidade e da necesidade de que a composición do tribunal sexa predominantemente técnica, pois non cabe considerar que esta cualificación técnica concorra de maneira "predominante" se os vogais técnicos están en minoría.
Sinala a Sentenza que o requirimento da especialización dos tribunais cualificadores ha de considerarse para a válida constitución do órgano cualificador, así como en cada unha das sesións e nos diferentes exercicios que integran o proceso selectivo, circunstancia



que non se produce neste caso, no que unicamente un membro do Tribunal ten a titulación de Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos.

Polo que solicitan:

- Que a resolución presidencial recorrida se declare nula ou anulable e sen efecto coas consecuencias inherentes a tal declaración
- Que en concreto deberá adecuarse a composición do Tribunal cualificador do proceso selectivo de Enxeñeiro/a de camiños, encadrada na escala de Administración especial, subescala técnica, clase superior e integrada no grupo A1 correspondente á convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas e postos vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral fixo da Deputación de Pontevedra incluídas nas OEP dos anos 2019,2020, 2021 e 2022 (CL2022J), á normativa legal aplicable, debendo, en consecuencia constituirse dito Tribunal coa maioría ou metade máis un de membros que posúan a titulación de Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos.

2º.- Examinados os antecedentes que obran no expediente, resulta que :

- Tras a publicación no BOPPO nº 56 do 21 de marzo de 2023 da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, designación do tribunal cualificador, data da súa constitución e da realización do primeiro exercicio do proceso selectivo de Enxeñeiro/a de camiños, encadrada na escala de Administración especial, subescala técnica, clase superior e integrada no grupo A1 correspondente á convocatoria Procesos selectivos para cubrir prazas e postos vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral fixo da Deputación Pontevedra incluídas nas OEP dos anos 2019,2020, 2021 e 2022 (CL2022J), advertiuse un erro na composición do tribunal que inicialmente estaba formado polos seguintes membros:

Presidente/a Susana Escaloni Varela, viceinterventora da Corporación, Deputación provincial de (Titular) Pontevedra

Presidente/a Inés Vereterra Gutiérrez Maturana, xefatura do Servizo de Fiscalización e (Suplente) Asesoramento, Deputación provincial de Pontevedra

Secretario/a José Fernández López, xefatura do Servizo de Orzamentos, Plans e Urbanismo, (Titular) Deputación provincial de Pontevedra

Secretario/a Antonio Graña Gómez, interventor da corporación, Deputación provincial de (Suplente) Pontevedra

Vogal César Paredes Rodríguez, xefatura de Sección de Conservación e Explotación (Titular) adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Deputación provincial de Pontevedra

Vogal Sara Piñón Esteban, arquitecta adscrita ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo,



- (Suplente) Deputación provincial de Pontevedra
- Vogal (Titular) Maria Itziar Goicoechea Castaño, profesora contratada doutora da Escola de Enxeñería de Minas, Universidade de Vigo
- Vogal (Suplente) Jose Manuel Canosa Saa, profesor titular da Escola de Enxeñería Industrial, Universidade de Vigo
- Vogal (Titular) Begoña Arranz González, enxeñeira xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxéticos, Concello de Vigo
- Vogal (Suplente) Manuel Doiro Sancho, profesor contratado doutor da Escola de Enxeñería Industrial, Universidade de Vigo

- Dita rectificación consiste en designar os seguintes membros do tribunal:

- Presidente/a (Titular) César Paredes Rodríguez, xefatura de Sección de Conservación e Explotación adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Deputación provincial de Pontevedra
- Presidente/a (Suplente) Eduardo Artime Rial, enxeñeiro de camiños adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Deputación provincial de Pontevedra
- Secretario/a (Titular) Antonio Graña Gómez, interventor da corporación, Deputación provincial de Pontevedra
- Secretario/a (Suplente) Susana Escaloni Varela, viceinterventora da Corporación, Deputación provincial de Pontevedra
- Vogal (Titular) María del Mar González Estévez, enxeñeira de camiños, adscrita ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Deputación provincial de Pontevedra
- Vogal (Suplente) Sara Piñón Esteban, arquitecta adscrita ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo, Deputación provincial de Pontevedra
- Vogal (Titular) Maria Itziar Goicoechea Castaño, profesora contratada doutora da Escola de Enxeñería de Minas, Universidade de Vigo
- Vogal (Suplente) Jose Manuel Canosa Saa, profesor titular da Escola de Enxeñería Industrial, Universidade de Vigo
- Vogal (Titular) Begoña Arranz González, enxeñeira xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxéticos, Concello de Vigo
- Vogal (Suplente) Manuel Doiro Sancho, profesor contratado doutor da Escola de Enxeñería Industrial, Universidade de Vigo

Con esta composición cúmprese o principio de especialidade, xa que a especialización dos seus membros abarcan a totalidade das materias que conforman o programa do proceso selectivo en cuestión, e por tanto contan coa competencia e especialidade técnica necesaria para actuar conforme á legalidade que debe rexer na calificación dos procesos de selectivos.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1º.- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas

2º.- Artigo 4 e) do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local

CONCLUSIÓN

En base aos antecedentes e fundamentos xurídicos sinalados nos apartados anteriores, e advertido un erro na composición inicial do tribunal correspondente ao proceso selectivo publicada no BOPPO nº 56, do 21 de marzo de 2023, de Enxeñeiro/a de camiños, encadrada na escala de Administración especial, subescala técnica, clase superior e integrada no grupo A1 correspondente á convocatoria procesos selectivos para cubrir prazas e postos vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral fixo da Deputación Pontevedra incluídas nas OEP dos anos 2019, 2020, 2021 e 2022 (CL2022J), modifícase a súa composición de tal forma que se cumpre co principio de especialidade e a necesidade de que o tribunal sexa predominantemente técnico, polo que PROPONSE a estimación parcial do recurso en canto engádesse a María del Mar González Estévez enxeñeira de camiños, adscrita ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Deputación provincial de Pontevedra como vogal titular, non sendo necesario que todos ou a metade máis un dos membros posúan a titulación de enxeñería de camiños, canles e portos pero sí que teñan a especialización e coñecementos técnicos suficientes para cumprir co principio de especialidade, o que se corrobora co posto que ocupa cada un dos membros nas estidades ás que pertencen e o contido do programa do proceso selectivo en cuestión que abrangue materias de procedemento administrativo, contratación pública, construción, lexislación urbanística e do solo, materia ambiental e enerxía eléctrica, e por tanto non procede a declaración de nulidade o anulabilidade da Resolución Presidencial nº RP2023002096 por non concorrer ningún dos presupostos previstos ao efecto.”

Considerando canto antecede, en virtude das facultades que me confire o artigo 61.12 do RD 2568/86, de 28 de novembro e o artigo 105 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, de acordo coas competencias delegadas da presidencia, **RESOLVO** de conformidade coa precedente proposta.

Asinado dixitalmente á marxe

Contra esta Resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poda utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

